



NOGUEIRA

Esta unha das parroquias do Bispado da que atopamos máis antiga mención co nome de Mogaría e Moguera, pois no século nono un ilustre personaxe chamado Romarico fixo doazón á Igrexa de Compostela da Vila de Mogaría que tomara "de illa parte fluminis Minei in suburbio Tudense", que é a feligresía da que imos falando. Despois o Bispo daquela Diocese Sisnando 1º labrou nela unha grande Igrexa ao Mártir San Cristovo "Amplum Templum S. Christophori". En seguida confirmou a doazón darrriba o Rei Dn. Alfonso 3º en 17 de Agosto de 883. Dezaseis anos despois, isto é no 899, o 6 de Maio, o mesmo Monarca volveu dar ao referido Bispo a Igrexa de Sn. Cristoval na ribeira do Miño coa vila de Nogueira, e o soto chamado Magnimiro, segundo afirma M. Florez (España Sagrada Tom. 19 pag.s 91 e 101). Por onde vemos a suma antigüidade que ten esta parroquia, e que pertenceu noutro tempo á Igrexa do Apóstolo Santiago; máis hoxe en día non ten nela Xurisdición algunha, nin leva de aquí nada. Venera por Patrón tutelar ao noso amable Redentor baixo o título de Sn. Salvador que festexan no día da súa Transfiguración 6 de Agosto. Componse a súa poboación de 52 veciños, que están suxeitos polo contencioso político e gobernativo á Xustiza de Ponteareas. Valen os seus décimos 11.850 reais anuais dos que leva o Párroco tres cuartas partes que lle producen 9.000 reais, o Rdo. Bispo de Tui a cuarta parte da outra cuarta, que lle reditúan 600 reais, e o Beneficiado sen cura que aquí hai as outras tres cuartas partes desta cuarta restante que importan 2.250. O primeiro ten Casa reitoral e Igrexario conxunto a ela de 10 ferrados de pan en semente; ademais percibe de renda foral cada ano 10 ferrados e medio de trigo 32½. de centeo, 3 galiñas e 2 reais en diñeiro. A fábrica da Igrexa cobra só 10 reais. A Abadía con cura é actualmente de presentación Real e Ordinaria; e como de padroado do Bispo xa consta nas Sinodais do Sr. Dn. Diego de Avellaneda do ano 1528. A sen Cura provistana sempre os Sres. Condes de Salvaterra. Antigamente estivo esta parroquia unida en clase de anexo á de Sto. Tomé de Parderrubias, onde xa estaba incorporada antes do ano 1502;



SAN SALVADOR

No centro colócase a porta rectangular, que se adorna na parte superior, simulando un tímpano, cunha moldura en arco apuntado sobre pequenas peañas e adornada no centro do arco pola parte superior con dous rolos. No seu interior, outra moldura circular rodea o baixorelevo dun trevo representando a Trindade, e dous triángulos coa hipotenusa convexa para centralo na parte inferior.

Un pouco máis arriba hai un rosetón formado por tres circunferencias inscritas noutra moldura circular.

Remátase este paramento coa torre central do campanario, apoiando nela dous machóns que se unen en arco de medio punto. Ata eles chega a moldura plana que vai desde as pilastras laterais baixo a cornixa de remate con pouco voo.

As pilastras remátanse en pináculos de capela.

A torre ten planta cadrada formando unha cornixa no seu contorno. Abre arco apuntado en cada lado, ocupando as campás os ocos oeste e sur. Os extremos dos machóns adórnase con pequenas columnas. Remátase con outra cornixa voada en ángulo sobre o que se coloca outro trevo de pedra como remate.

O remate é unha pirámide de base cadrada formando a agulla cun tope cadrado onde se coloca a cruz metálica.

Os paramentos laterais da nave son semellantes abrindo en cada un deles dúas ventás de arco apuntado e con derrame interno. Estas adórnase polo exterior con columnas nas que apoia a moldura curva do arco. No lado sur, xunto á unión co cruceiro, ten unha porta rectangular.

No lado norte apréciase o caseto de saída para o campanario feito dun corpo cilíndrico e cúpula cónica con cruz metálica de remate. A porta é metálica. Afea bastante a visión da fachada principal da igrexa.

A nave ten tellado a dúas augas sobre cornixa de apoio.

O cruceiro forma as dúas capelas laterais. Nel continúa a cornixa do tellado da nave. O seu tellado é a catro augas. E abre unha ventá, similar as da nave, nos paramentos norte e sur.

A capela maior tamén ten tellado a dúas augas. No lado norte adosouse a sancristía pegada ao cruceiro e máis baixa. No lado sur ten unha ventá similar ás anteriores. Por riba do tellado pódese apreciar un sillar cunha inscrición que pola altura e colocación dificulta a súa lectura.

No interior presenta as paredes rebocadas e pintadas, quedando vista a pedra de cantería dos arcos das capelas laterais e maior, e tamén as ventás. Nestas pódese apreciar





un bo derrame interno para iluminación e unha moldura en bocel que as adorna, de forma semellante aos arcos.

Conserva tres retablos, un en cada capela.

O **retablo maior (135)** é neogótico moi sinxelo. Preséntase ocupando todo o paramento leste da capela maior.

Fórmase sobre un gran sotobanco no que xa se dividen as tres rúas das que consta. Nos laterais adiántanse as pilastras de sustentación das superiores. No centro está o altar, sobresaíndo lateralmente á rúa central. O seu frontal mostra no centro unha cruz de Trindade. Pousado neste altar está o Sagrario en forma de capela con arco apuntado, e na porta un relevo cunha custodia.

Catro pilastras, con adorno floral na súa base, dan forma as rúas do corpo do retablo.

As rúas laterais pãrtense pola metade para dar lugar a dúas fornelas similares en cada unha. Son de arco apuntado e con moldura exterior. Na parte superior interna levan un adorno multilobulado e rematado nunha pequena cruz. O fondo da fornela está pintado simulando cortinaxes.

As imaxes inferiores, S. Brais e **S. Bieito (137)**, póusanse directamente na fornela, mentres que as superiores, a **Virxe do Carme (138)** e **S. Telmo (139)**, están sobre unha base hexagonal traballada en marquetería.

A rúa central é unha única fornela que ascende desde o sotobanco por riba das rúas laterais. Tamén presenta o arco apuntado e moldura exterior. Polo interior adórnase cun traballo de marquetería formando festóns en continuidade.

O fondo tamén se pinta con cortinaxes simulando damasco e cordóns con borlas que o suxeitan aberto.

Na parte inferior, sobre unha base hexagonal de madeira, sitúase un templete expositor formado por seis arcos apuntados sobre columnillas compostas. O arco central tamén se adorna con marquetería multilobulada para acoller a imaxe do Neno Xesús de Praga.

O remate do templete é a base de apoio, cadrada coas arestas rebaixadas, na que preside o **patrón (134)**, O Salvador.

Nesta base hai a seguinte lenda:

“SE CONSTRUYO CON LIMOSNA DEL FINADO PÁRROCO D. CLEMENTE GONZÁLEZ”.





Nela se representa en relevo a Deus, co Triángulo e a cara do Pai, inserto na gloria, e baixo el dous anxos que verten o Sangue dun cáliz sobre as lapas nas que hai dous grupos de almiñas.

Segundo se entra na igrexa, ao fondo da nave, sobre un marco de mármore, está a imaxe do **Cristo da Boa Vitoria** (144). É unha imaxe de Cristo morto na cruz, suspendido por tres cravos e cun fermoso pano de pureza que presenta un gran traballo de encaixe no seu borde.

No torreiro atópase un cruceiro.

Sitúase sobre tres chanzos. O fuste redondo e imitando a madeira dá paso directamente, sen capitel, á cruz. No anverso, baixo a cartela, o Cristo morto e un anxo recollendo o sangue. No reverso a Dolorosa sobre peaña sustentada por un anxo.

FESTAS E ROMAXES DE NOGUEIRA

- S. Salvador: 6 de Agosto.
- Santo Cristo da Vitoria: 1º Domingo de Setembro.

